

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**

RESOLUCIÓN do 2 de maio de 2025, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 17 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da Unión Europea no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrència competitiva por anticipado de gasto para o ano 2025 (código de procedemento MT975U) (Diario Oficial de Galicia número 250, do 30 de decembro).

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, no *Diario Oficial de Galicia* do día 30 de decembro de 2024, publicou a Orde do 17 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo Relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da Unión Europea no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrència competitiva por anticipado de gasto para o ano 2025 (código de procedemento MT975U).

Segundo o establecido no artigo 16.4 das citadas bases reguladoras, en concordancia co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procede publicar no *Diario Oficial de Galicia* a resolución de concesión das axudas convocadas ao abeiro da dita orde.

As axudas convocadas ao abeiro desta orde financiaranse con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 procedentes do Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

En consecuencia,

CVE-DOG: nlgmtk05-df25-agi7-tgi3-fqks2ndd1612



RESOLVO:

Publicar as axudas, que se relacionan nas táboas que se xuntan, como anexo I (lista de entidades beneficiarias), anexo II (solicitudes desestimadas parcial ou totalmente polo esgotamento do crédito), anexo III (solicitudes desestimadas por non acadar a puntuación mínima de 30 puntos) e anexo IV (solicitudes inadmitidas), financiadas con cargo ás aplicacións orzamentarias 06.03.541D.760.1 (código de proxecto 2023 00229) e 06.03.541D.760.1 (código de proxecto 2022 00037) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 concedidas ao abeiro do seguinte:

a) Norma reguladora da convocatoria: Orde do 17 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da Unión Europea no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrència competitiva por anticipado de gasto para o ano 2025 (código de procedemento MT975U), *Diario Oficial de Galicia* número 250, do 30 de decembro.

b) Aplicación orzamentaria: aplicacións orzamentarias 06.03.541D.760.1 (código de proxecto 2023 00229) e 06.03.541D.760.1 (código de proxecto 2022 00037) correspondentes aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 procedentes do Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, cun importe total de dous millóns cincocentos sesenta e sete mil seiscientos tres euros (2.567.603,00 €).

c) Finalidade da axuda: o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, en concreto, para a mellora dos puntos limpos fixos, a adquisición de puntos limpos de proximidade, a adquisición de puntos limpos móbiles, así como o fomento da preparación para a reutilización e a autorreparación (PxR).

d) Destinatarios: poderán ser entidades beneficiarias as entidades locais municipais, supramunicipais e agrupacións de entidades locais de Galicia, de conformidade coas competencias que lles correspondan en materia de xestión de residuos, que cumpran os requisitos establecidos para cada unha das liñas subvencionables sinaladas nesta orde.

e) Porcentaxe de financiamento: a axuda está cofinanciada nun 90 % con cargo aos fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia da Unión Europea, establecido polo



Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece o Instrumento de recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19, e regulado segundo o Regulamento 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia. Resulta de aplicación o Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, así como a súa normativa comunitaria, estatal e autonómica de desenvolvemento. O dito financiamento queda legalmente vinculado á realización das actuacións subvencionadas.

De conformidade co artigo 6.2 das bases reguladoras «O financiamento máximo outorgado para as actuacións reguladas nesta orde de axudas non excederá o 90 % do custo subvencionable. A porcentaxe restante será asumida pola entidade beneficiaria cos seguintes importes máximos de subvención:

– Liña 1. O importe máximo da subvención acadada non poderá superar os 150.000 €. Non obstante, esta cantidade poderá ampliarse, no caso de solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local, en 10.000 € máis por cada entidade participante a maiores da que figure na solicitude, ata un máximo de 200.000 €.

– Liña 2. O importe máximo da subvención acadada non poderá superar os 15.000 €. Non obstante, esta cantidade poderá ampliarse, no caso de solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local, en 10.000 € máis por cada entidade participante a maiores da que figure na solicitude, ata un máximo de 35.000 €.

– Liña 3. O importe máximo da subvención acadada por entidade non poderá superar os 90.000 €. Non obstante, esta cantidade poderá ampliarse, no caso de solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local, en 10.000 € máis por cada entidade participante a maiores da que figure na solicitude, ata un máximo de 120.000 €.

– Liña 4. O importe máximo da subvención acadada non poderá superar os 150.000 €. Non obstante, esta cantidade poderá ampliarse, no caso de solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local, en 10.000 € máis por cada entidade participante a maiores da que figure na solicitude, ata un máximo de 200.000 €».

f) Período subvencionable e prazo de execución: o período subvencionable será, con carácter xeral, o comprendido entre o 1 de marzo de 2020 e o 30 de novembro de 2025, ambos incluídos, tendo en conta as datas límite para a súa xustificación segundo o sinalado neste mesmo artigo.



Os gastos subvencionables deberán estar realizados e efectivamente pagados con data límite o 30 de novembro de 2025.

A data límite para executar o proxecto e presentar a documentación xustificativa dos investimentos será o 30 de novembro de 2025.

g) Xustificación das subvencións: as entidades beneficiarias das axudas quedan obrigadas a acreditar, no prazo máximo a que se refire a epígrafe anterior, a realización dos proxectos subvencionados e a xustificar a totalidade do orzamento en virtude do establecido na resolución de concesión que lles foi notificada. En caso de non xustificarse a totalidade do orzamento do proxecto, a subvención será minorada na mesma proporción.

A xustificación terá que axustarse ao sinalado nos artigos 25 e 26 da Orde do 17 de decembro de 2024 (DOG núm. 250, do 30 de decembro).

Requisitos e obrigas que hai que observar: os recollidos nos artigos 4 e 21 da Orde do 17 de decembro de 2024 (DOG núm. 250, do 30 de decembro).

h) Aceptación e renuncia das subvencións: a persoa representante das entidades locais municipais, supramunicipais ou agrupacións de entidades locais beneficiarias disporá dun prazo de dez (10) días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, para comunicar a aceptación da subvención e das condicións contidas nela, ou ben comunicar a renuncia á subvención concedida. Transcorrido o prazo sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada a subvención.

i) A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático poderá comprobar, cando o considere conveniente, a execución dos proxectos subvencionados.

A renuncia á subvención regularase de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de que se comunicase a renuncia, ditarase a correspondente resolución que se notificará ao interesado por medios electrónicos.

j) Pagamento da axuda e posibilidade de solicitar anticipo: observarase o disposto no artigo 27 da Orde do 17 de decembro de 2024 (DOG núm. 250, do 30 de decembro).



k) Modificación da resolución: toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O órgano competente para a concesión destas axudas poderá acordar a modificación da resolución por instancia da entidade beneficiaria, debendo cumprirse, en todo caso, os requisitos recollidos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

l) Recursos: as resolucións ditadas ao abeiro destas bases porán fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou ben impugnala ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses se a resolución é expresa, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2025

María José Echevarría Moreno
Directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade

CVE-DOG: nlgmtk05-df25-agi7-tgi3-fqks2ndd16i2





ANEXO I

Lista de entidades beneficiarias

Liña 1: melloras nos puntos limpos

Puntuación (artigo 15.2)	Prelación tendo en conta o artigo 15.3	Expediente	Solicitante	NIF	Custo total subvencionable	Contía máxima da axuda que pode recibir	% axuda sobre o custo total do proxecto
90	1	EELL-0056-2025-RES	Concello de Noia	P1505800A	28.716,04 €	25.844,44 €	90 %
90	2	EELL-0098-2028-RES	Concello da Laracha	P1504200E	14.542,00 €	13.087,80 €	90 %
90	3	EELL-0021-2025-RES	Concello de Ribadavia	P3207000E	39.999,90 €	35.999,91 €	90 %
85	4	EELL-0053-2025-RES	Concello de Sarria	P2705700I	2.479,36 €	2.231,42 €	90 %
85	5	EELL-0101-2025-RES	Concello de Sanxenxo	P3605100A	81.603,99 €	73.443,59 €	90 %
85	6	EELL-0046-2025-RES	Concello da Estrada	P3601700B	103.359,78 €	93.023,80 €	90 %
84	7	EELL-0086-2025-RES	Concello de Valga	P3605600J	53.874,07 €	48.486,66 €	90 %
80	8	EELL-0007-2025-RES	Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria Terra de Celanova	P8202502D	49.137,28 €	44.223,55 €	90 %
80	9	EELL-0070-2025-RES	Concello de Miño	P1504900J	24.940,00 €	22.446,00 €	90 %
75	10	EELL-0030-2025-RES	Concello de Chantada	P2701600E	41.250,00 €	37.125,00 €	90 %
72	11	EELL-0013-2025-RES	Concello de Carnota	P1502000A	47.218,14 €	42.496,33 €	90 %
60	12	EELL-0044-2025-RES	Concello da Cañiza	P3600900I	25.369,99 €	22.832,99 €	90 %
60	13	EELL-0059-2025-RES	Concello de Pontedeume	P1507000F	12.570,00 €	11.313,00 €	90 %
60	14	EELL-0077-2025-RES	Concello de Vilagarcía de Arousa	P3606000B	9.000,00 €	8.100,00 €	90 %
55	15	EELL-0104-2025-RES	Concello de Mos	P3603300I	39.349,96 €	35.414,96 €	90 %
53	16	EELL-0036-2025-RES	Concello de Cambados	P3600600E	45.500,00 €	40.950,00 €	90 %
50	17	EELL-0105-2025-RES	Concello de Foz	P2701900I	28.194,30 €	25.374,87 €	90 %
50	18	EELL-0074-2025-RES	Concello de Tui	P3605500B	45.500,00 €	40.950,00 €	90 %
50	19	EELL-0022-2025-RES	Consortio As Mariñas (punto limpo Abegondo)	P1500011J	3.227,94 €	2.905,15 €	90 %
50	20	EELL-0023-2025-RES	Consortio As Mariñas (punto limpo Bergondo)	P1500011J	3.227,94 €	2.905,15 €	90 %





Puntuación (artigo 15.2)	Prelación tendo en conta o artigo 15.3	Expediente	Solicitante	NIF	Custo total subvencionable	Contía máxima da axuda que pode recibir	% axuda sobre o custo total do proxecto
50	21	EELL-0024-2025-RES	Consortio As Mariñas (punto limpo Betanzos)	P1500011J	3.227,94 €	2.905,15 €	90 %
50	22	EELL-0025-2025-RES	Consortio As Mariñas (punto limpo Cambre)	P1500011J	3.227,94 €	2.905,15 €	90 %
50	23	EELL-0026-2025-RES	Consortio As Mariñas (punto limpo Carral)	P1500011J	3.227,94 €	2.905,15 €	90 %
50	24	EELL-0027-2025-RES	Consortio As Mariñas (punto limpo Culleredo)	P1500011J	3.227,94 €	2.905,15 €	90 %
50	25	EELL-0028-2025-RES	Consortio As Mariñas (punto limpo Oleiros)	P1500011J	3.227,94 €	2.905,15 €	90 %
50	26	EELL-0029-2025-RES	Consortio As Mariñas (punto limpo Sada)	P1500011J	3.227,94 €	2.905,15 €	90 %
45	27	EELL-0075-2025-RES	Concello de Boqueixón	P1501200H	53.912,43 €	48.521,19 €	90 %
40	28	EELL-0099-2025-RES	Concello do Porriño	P3603900F	45.000,00 €	40.500,00 €	90 %
40	29	EELL-0094-2025-RES	Concello de Monforte de Lemos	P2703100D	34.450,00 €	31.005,00 €	90 %
40	30	EELL-0065-2025-RES	Concello de Vilalba	P2706500B	12.000,00 €	10.800,00 €	90 %
40	31	EELL-0049-2025-RES	Concello da Fonsagrada	P2701800A	12.000,00 €	10.800,00 €	90 %
40	32	EELL-0052-2025-RES	Concello de Barreiros	P2700500H	10.600,00 €	9.540,00 €	90 %
40	33	EELL-0051-2025-RES	Concello de Porto do Son	P1507200B	66.480,33 €	59.832,30 €	90 %
35	34	EELL-0082-2025-RES	Concello de Burela	P2706800F	56.816,70 €	51.135,03 €	90 %
35	35	EELL-0100-2025-RES	Concello da Lama	P3602500E	39.998,80 €	35.998,92 €	90 %
30	36	EELL-0106-2025-RES	Concello de Ponteceso	P1506900H	57.100,00 €	51.390,00 €	90 %
30	37	EELL-0068-2025-RES	Concello de Curtis	P1503200F	71.140,71 €	64.026,64 €	90 %
Total liña 1							1.060.134,60 €





Liña 2: adquisición puntos limpos de proximidade

Puntuación (artigo 15.2)	Prelación tendo en conta o artigo 15.3	Expediente	Solicitante	NIF	Custo total subvencionable	Contía máxima da axuda que pode recibir	% axuda sobre o custo total do proxecto
80	1	EELL-0011-2025-RES	Concello de Pontearreas	P3604200J	10.000,00 €	9.000,00 €	90,00 %
76	2	EELL-0066-2025-RES	Concello de Pazos de Borbén	P3603700J	14.400,00 €	12.960,00 €	90,00 %
76	3	EELL-0019-2025-RES	Concello de Soutomaior	P3605300G	9.600,00 €	8.640,00 €	90,00 %
75	4	EELL-0032-2025-RES	Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria Terra de Celanova	P8202502D	33.750,00 €	30.375,00 €	90,00 %
74	5	EELL-0048-2025-RES	Concello de Vilaboa	P3605800F	11.250,00 €	10.125,00 €	90,00 %
70	6	EELL-0068-2025-RES	Concello de Curtis	P1503200F	14.600,00 €	13.140,00 €	90,00 %
67	7	EELL-0045-2025-RES	Concello de Muros	P1505400J	15.000,00 €	13.500,00 €	90,00 %
67	8	EELL-0003-2025-RES	Mancomunidade de Concellos do Morrazo	P3600020F	30.000,00 €	27.000,00 €	90,00 %
66	9	EELL-0054-2025-RES	Concello de Cerdedo-Cotobade	P3600048G	5.755,86 €	5.180,27 €	90,00 %
65	10	EELL-0005-2025-RES	Concello de Silleda	P3605200I	15.000,00 €	13.500,00 €	90,00 %
65	11	EELL-0012-2025-RES	Concello de Ares	P1500400E	15.000,00 €	13.500,00 €	90,00 %
63	12	EELL-0057-2025-RES	Concello de Sarria	P2705700I	6.198,36 €	5.578,52 €	90,00 %
62	13	EELL-0090-2025-RES	Concello da Coruña	P1503000J	15.000,00 €	13.500,00 €	90,00 %
62	14	EELL-0097-2025-RES	Concello de Gondomar	P3602100D	14.995,00 €	13.345,55 €	89,00 %
61	15	EELL-0033-2025-RES	Concello de Barreiros	P2700500H	14.994,00 €	13.494,60 €	90,00 %
60	16	EELL-0038-2025-RES	Concello de Fisterra	P1503800C	15.000,00 €	13.500,00 €	90,00 %
60	17	EELL-0064-2025-RES	Concello do Rosal	P3604800G	7.200,00 €	6.480,00 €	90,00 %
60	18	EELL-0069-2025-RES	Concello de Foz	P2701900I	14.980,00 €	13.482,00 €	90,00 %
60	19	EELL-0081-2025-RES	Concello da Cañiza	P3600900I	7.500,00 €	6.750,00 €	90,00 %
60	20	EELL-0071-2025-RES	Concello de San Cibrao das Viñas	P3207600B	15.000,00 €	13.500,00 €	90,00 %
58	21	EELL-0043-2025-RES	Concello do Pino	P1506700B	7.500,00 €	6.750,00 €	90,00 %





Puntuación (artigo 15.2)	Prelación tendo en conta o artigo 15.3	Expediente	Solicitante	NIF	Custo total subvencionable	Contía máxima da axuda que pode recibir	% axuda sobre o custo total do proxecto
58	22	EELL-0061-2025-RES	Concello de Malpica de Bergantiños	P1504400A	8.930,00 €	8.037,00 €	90,00 %
57	23	EELL-0020-2025-RES	Concello de Pontecesures	P3604400F	7.500,00 €	6.750,00 €	90,00 %
56	24	EELL-0018-2025-RES	Concello de Corcubión	P1502800D	3.750,00 €	3.375,00 €	90,00 %
50	25	EELL-0040-2025-RES	Concello de Agolada	P3602000F	15.000,00 €	13.500,00 €	90,00 %
50	26	EELL-0009-2025-RES	Concello de Carballo	P1501900C	1.000,00 €	900,00 €	90,00 %
50	27	EELL-0099-2025-RES	Concello do Porriño	P3603900F	14.994,00 €	13.494,60 €	90,00 %
48	28	EELL-0080-2025-RES	Concello de Baleira	P2700400A	7.500,00 €	6.750,00 €	90,00 %
Total liña 2							316.107,54 €

Liña 3: adquisición puntos limpos móbiles.

Puntuación (artigo 15.2)	Prelación tendo en conta o artigo 15.3	Expediente	Solicitante	NIF	Custo total subvencionable	Contía máxima da axuda que pode recibir	% axuda sobre o custo total do proxecto
86	1	EELL-0083-2025-RES	Agrupación Moraña, Portas, Campo Lameiro	P3603200A	35.100,00 €	31.590,00 €	90,00 %
82	2	EELL-0107-2025-RES	Agrupación Lousame e Rois	P1504300C	90.000,00 €	81.000,00 €	90,00 %
80	3	EELL-0017-2025-RES	Concello de Redondela	P3604500C	14.950,00 €	13.455,00 €	90,00 %
79	4	EELL-0085-2025-RES	Concello de Tomiño	P3605400E	91.000,00 €	81.900,00 €	90,00 %
76	5	EELL-0042-2025-RES	Concello de San Sadurniño	P1507700A	14.975,00 €	13.477,50 €	90,00 %
75	6	EELL-0076-2025-RES	Concello de Valdoviño	P1508800H	90.000,00 €	81.000,00 €	90,00 %
70	7	EELL-0102-2025-RES	Concello de Allariz	P3200200H	82.000,00 €	73.800,00 €	90,00 %
67	8	EELL-0008-2025-RES	Concello de Ares	P1500400E	90.000,00 €	81.000,00 €	90,00 %
65	9	EELL-0015-2025-RES	Concello de Vigo	P3605700H	86.200,09 €	77.580,08 €	90,00 %
65	10	EELL-0037-2025-RES	Concello de Pontearreas	P3604200J	81.000,00 €	72.900,00 €	90,00 %





Puntuación (artigo 15.2)	Prelación tendo en conta o artigo 15.3	Expediente	Solicitante	NIF	Custo total subvencionable	Contía máxima da axuda que pode recibir	% axuda sobre o custo total do proxecto
65	11	EELL-0041-2025-RES	Concello de Santa Comba	P1507800I	90.000,00 €	81.000,00 €	90,00 %
65	12	EELL-0073-2025-RES	Concello de Tui	P3605500B	90.000,00 €	81.000,00 €	90,00 %
65	13	EELL-0047-2025-RES	Concello de Ribeira	P1507400H	90.000,00 €	81.000,00 €	90,00 %
65	14	EELL-0096-2025-RES	Concello da Laracha	P1504200E	67.777,00 €	60.999,30 €	90,00 %
64	15	EELL-0095-2025-RES	Concello de Mos	P3603300I	14.950,00 €	13.455,00 €	90,00 %
63	16	EELL-0014-2025-RES	Concello de Touro (*)	P1508600B	65.000,00 €	29.868,72 €	45,95 %
*Entidade parcialmente subvencionada. O importe máximo da subvención que lle corresponden ao concello de Touro ascende á cantidade de 58.500,00 euros, pero concédese o importe que se propón ata o esgotamento de crédito.				Total liña 3		955.025,60 €	

Liña 4: construción instalación PxR e/ou autorreparación

Puntuación (artigo 15.2)	Prelación tendo en conta artigo 15.3	Expediente	Solicitante	NIF	Custo total subvencionable	Contía máxima da axuda que pode recibir	% axuda sobre o custo total do proxecto
32	3	EELL-0039-2025-RES	Concello de Sober	P2705900E	148.214,36 €	133.392,92 €	90,00 %
45	2	EELL-0058-2025-RES	Concello de Valga	P3605600J	107.380,38 €	96.642,34 €	90,00 %
50	1	EELL-0084-2025-RES	Concello de Vilagarcía de Arousa	P3606000B	7.000,00 €	6.300,00 €	90,00 %
Total liña 4							236.335,26 €

ANEXO II

Solicitudes desestimadas parcial ou totalmente polo esgotamento do crédito

Puntuación (artigo 15.2)	Prelación tendo en conta artigo 15.3	Expediente	Solicitante	NIF	Liña	Custo total subvencionable	Contía máxima da axuda que pode recibir	% axuda sobre o custo total do proxecto
63	1	EELL-0014-2025-RES	Concello de Touro (**)	P1508600B	3	65.000,00 €	28.631,28 €	44,05 %
62	2	EELL-0055-2025-RES	Concello de Mondariz	P3603000E	3	105.500,00 €	89.991,50 €	85,30 %



Puntuación (artigo 15.2)	Prelación tendo en conta artigo 15.3	Expediente	Solicitante	NIF	Liña	Custo total subvencionable	Contía máxima da axuda que pode recibir	% axuda sobre o custo total do proxecto
61	3	EELL-0006-2025-RES	Concello de Cabanas	P1501500A	3	14.950,00 €	13.455,00 €	90,00 %
61	4	EELL-0078-2025-RES	Concellos de Fornelos de Montes	P3601900H	3	7.500,00 €	6.750,00 €	90,00 %
61	5	EELL-0060-2025-RES	Concello de Nogueira de Ramuín	P3205300A	3	32.592,01 €	29.332,81 €	90,00 %
60	6	EELL-0010-2025-RES	Concello de Carballo	P1501900C	3	15.000,00 €	13.500,00 €	90,00 %
60	7	EELL-0097-2025-RES	Concello de Gondomar	P3602100D	3	33.260,00 €	29.268,80 €	88,00 %
60	8	EELL-0004-2025-RES	Concello de Paderne	P1506500F	3	90.000,00 €	81.000,00 €	90,00 %
55	9	EELL-0068-2025-RES	Concello de Curtis	P1503200F	3	43.800,00 €	39.420,00 €	90,00 %
53	10	EELL-0087-2025-RES	Concello de Valga	P3605600J	3	75.000,00 €	67.500,00 €	90,00 %
53	11	EELL-0063-2025-RES	Concello das Neves	P3603400G	3	82.000,00 €	73.800,00 €	90,00 %
52	12	EELL-0030-2025-RES	Concello de Chantada	P2701600E	3	40.000,00 €	36.000,00 €	90,00 %
51	13	EELL-0001-2025-RES	Concello de Laxe	P1504100G	3	7.300,00 €	6.497,00 €	89,00 %
50	14	EELL-0040-2025-RES	Concello de Agolada	P3602000F	3	8.750,00 €	7.875,00 €	90,00 %
49	15	EELL-0035-2025-RES	Concello de Crecente	P3601400I	3	14.900,00 €	13.410,00 €	90,00 %
48	16	EELL-0080-2025-RES	Concello de Baleira	P2700400A	3	4.065,00 €	3.658,50 €	90,00 %
46	17	EELL-0088-2025-RES	Concello de Ortigueira	P1506200C	3	14.975,00 €	13.477,50 €	90,00 %
38	18	EELL-0002-2025-RES	Concello de Pedrafita do Cebreiro	P2704500D	3	56.170,00 €	50.553,00 €	90,00 %
37	19	EELL-0034-2025-RES	Concello da Pastoriza	P2704400G	3	44.261,80 €	39.835,62 €	90,00 %
36	20	EELL-0072-2025-RES	Concello de Guntín	P2702300A	3	73.457,41 €	66.111,67 €	90,00 %
35	21	EELL-0062-2025-RES	Concello de Pontedeume	P1507000F	3	90.000,00 €	81.000,00 €	90,00 %
(** desestimación parcial)				Total			791.067,68 €	





ANEXO III

Solicitudes desestimadas por non acadar a puntuación mínima de 30 puntos

Nº expediente	Nome solicitante	Liña	Puntuación
EELL-0050-2025-RES	Concello de Ribeira de Piquín	L2-PLP	21
EELL-0089-2025-RES	Concello de Muxía	L1-Mellora PLF	20

ANEXO IV

Solicitudes inadmitidas

Nº expediente	Nome solicitante	Actuación subvencionable	Motivo
EELL-0016-2025-RES	Concello de Arteixo	L1-Mellora PLF	Non emendan requirimento
EELL-0016-2025-RES	Concello de Arteixo	L3-PLM	Non emendan requirimento
EELL-0031-2025-RES	Concello de Brión	L2-PLP	Non emendan requirimento
EELL-0067-2025-RES	Concello de Negueira de Muñiz	L1-Mellora PLF	Excluído por incumplir o artigo 3.1 das bases reguladoras
EELL-0079-2025-RES	Concello da Veiga	L1-Mellora PLF	Non emendan requirimento
EELL-0079-2025-RES	Concello da Veiga	L2-PLP	Non emendan requirimento
EELL-0079-2025-RES	Concello da Veiga	L3-PLM	Non emendan requirimento
EELL-0091-2025-RES	Concello de Covelo	L1-Mellora PLF	Excluído por incumplir o artigo 8.1 das bases reguladoras
EELL-0092-2025-RES	Concello de Taboada	L1-Mellora PLF	Renuncia
EELL-0093-2025-RES	Concello das Somozas	L1-Mellora PLF	Excluído por incumplir o artigo 8.1 das bases reguladoras
EELL-0103-2025-RES	Concello de Marín	L2-PLP	Non emendan requirimento
EELL-0103-2025-RES	Concello de Marín	L3-PLM	Non emendan requirimento

